

PEQUEÑO TUTORIAL DE CAMPAÑA PARA AGUEIRO

VERSIÓN 0.2



Pablo Fernández Otero

Mestre do CEIP de Vite

Versión 0.1 (marzo 2020)

Versión 0.2 (Outubro 2022)

ÍNDICE

1.INGRESAR EN AGUEIRO

2.ENTRAR NO GRUPO DE A MAÍA

3.CREAR COLECCIÓN

4.CREAR PÁXINAS

5.EDITAR PÁXINAS

6.METER PÁXINAS EN COLECCIÓN

7.COMPARTINDO COLECCIÓN

8.QUE ESTOU COMPARTINDO?

RESUMO DE ACCIÓN

NOTA IMPORTANTE: Este é un documento VIVO, é dicir, irá variando e ampliándose no tempo.

Grazas pola comprensión,

O teacher Pablo

pablofernandezotero@edu.xunta.gal


oteacherpablo@gmail.com

1 Ingresar en Aqueiro

Aqueiro actúa como una mestura de rede social directa, blog e cartafol para traballos. É una ferramenta moi útil cunha curva de aprendizaxe mínima.

Co noso usuario edu.xunta accedemos a <https://aqueiro.xunta.gal>. Non poñemos @edu.xunta.gal, só o usuario e a clave!

Agora estamos na **pantalla de inicio**.



Lembrede isto, porque voltar á pantalla de inicio facilitará o acceso a outros lugares.

2 Entrar no grupo do CEIP de Vite

I Na pantalla inicial veremos un puzzle con 3 pezas. Nunha delas pon “Colaborar”.



II Accedemos.


III No buscador seleccionamos na pestana “**todos os grupos**”

IV Escribimos **CEIP de Vite** (na imaxe vemos o exemplo do CEIP de A Maía)

V Sairá un grupo chamado *Claustro CEIP de Vite*


VI Prememos en “**solicitar pertenza ao grupo**”

VII Unha vez feito, os administradores aceptarán a vosa pertenza ao grupo.




3 Creando “Colecciones”

- 3.I Na [pantalla de inicio](#) prememos en “**crear**”
- 3.II Prememos en “**+ Engadir**”
- 3.III Seleccionamos “**colección**”
- 3.IV Simplemente engadimos un nome: “*Matemáticas*”, “*Lingua Galega*”. Se queremos engadimos unha breve descripción (“Cartafol de tarefas de Matemáticas de 2º de Primaria”). Prememos abaixo en “**seguinte**”.
- 3.V Xa está lista a nosa “**colección**”



4 Creando “páxinas”

- 4.I Voltamos a “**crear**” por medio da [páxina de inicio](#).
- 4.II Prememos en “**+Engadir**” pero esta vez seleccionamos “**Páxina**”
- 4.III Seleccionamos “**Axustes**”.
- 4.IV Nomeamos a “páxina” (“Mates tema 1”, “Ciencias tema 3”) e engadimos unha breve descrición.
- 4.V Facendo [scrolling](#) para abaixo veremos que hai unha pestana que pon “**Estrutura (deseño)**”. Prememos e seleccionamos que aspecto queremos que teña. Non pasa nada se nos equivocarnos, porque podemos varialo máis adiante.
- 4.VI Gardamos.




5 Editando Páxinas

- 5.I Agora temos unhas barras horizontais. A medida que seleccionemos os ítems da barra esquerda (texto, imaxe, arquivos, ligazóns) poderemos poñer neses espazos horizontais o que nós queiramos en formato blog. Con isto tedes cada un que ir xogando para poder ver as posibilidades e ver como vos gusta que quede.
- 5.II Repetimos estas accións con todos os temas que consideremos oportunos (Páxina para cada tema do libro ou proxecto co que traballemos). Exemplo burdo dunha páxina de [Inglés de 1º EP](#).
- 5.III Como podedes ver no de Inglés fixemos unha páxina para cada Unit (é dicir, 3). Cada páxina pode ser editada, aumentada e as familias teñen acceso ás 3 por separado.
- 5.IV Unha vez teñamos as páxinas listas pasaremos ao punto 6.

EXEMPLO: Quero colgar un texto que poña “As tarefas de Ciencias son estas” e logo poñelas nun PDF.


Premo en texto e edito para que o título sexa o que eu quero. Gardamos.

Logo elixo “Ficheiros, imaxes”, logo “Ficheiro PDF”. Cargo o ficheiro e mesmo terei unha presentación previa do PDF.




6 Metendo as Páxinas en Coleccións

Cando teñamos as páxinas que consideremos apropiadas para ingresalas nunha colección faremos o seguinte:




- 6.I Voltamos a **“Páxinas e Coleccións”** ([pantalla de inicio](#) e logo crear, lembrede).
- 6.II Miramos que os rectángulos que identifican as Páxinas e as Coleccións son lixeiramente diferentes: as de coleccións teñen como unha folliña dobrada na marxe inferior. Deberían ter un “0” ao lado, porque non tedes ningunha páxina dentro.



6.III Na esquina inferior dereita das coleccións hai 3 puntíños. Prememos.

6.IV Prememos agora en “**xestionar**”.




- 6.V Ábrese un novo apartado, e vemos que podemos elixir “páxinas” para metelas dentro desa “colección”. Marcamos as que queremos meter e dámoslle a “**Engadir Páxinas**”.
- 6.VI Prememos en “**listo**”.
- 6.VII No cartafol de Colección aparecerá un **número** diante da folliña dobrada. Noraboa: a túa colección encheuse das páxinas que querías.

7 Compartindo Coleccións

Para compartir as coleccións coas familias hai que obter unha URL (é dicir, unha ligazón).

- 7.I En cada cartafol da Colección hai un **candado**. Preme nel.
- 7.II No despregable verás que hai a opción “**Permisos de Acceso**”. Preme.



- 7.III Ábrese un apartado no que hai unha opción de “**+Nova URL secreta**”.
- 7.IV Prememos “**+ Nova URL secreta**” e aparecerá xerada unha URL que podemos **copiar e compartir** coas familias, xa mandándolla por medio de mail, pola páxina web, blog...

8 Que estou compartindo?

Para ver todas as URLs que estades compartindo podedes acceder á [pantalla de inicio](#) e premer en “**compartir**”. Dese xeito accededes a todo o que levedes compartido.

Nestas opcións podemos establecer outros permisos para usuarios determinados. Non vos liedes con isto polo de agora.

RESUMO XERAL

Crear Colección

INICIO>>CREAR>>+ENGADIR>>COLECCIÓN>>NOMEAR>>SEGUINTE

Crear Páxina

INICIO>>CREAR>>ENGADIR>>PÁXINA>>AXUSTES>>Editamos a páxina

Meter Páxinas en Coleccións

INICIO>>CREAR>>PÁXINAS E COLECCIÓN>> 3 Puntíños>>XESTIONAR>>Eliximos as páxinas>>ENGADIR>>LISTO

Compartir as Coleccións

PÁXINAS E COLECCIÓN>>Candado>>PERMISOS>>+Nova URL secreta>> Eviar URL ás familias